



¡Bienvenida/o a casa!

Benvida/o a casa!

Welcome home!



Programación Xeral Anual 2016-2017

CPR Plurilingüe CALASANCIAS

www.colexiocalasancias.com



PRESENTACIÓN

«Es muy noble asumir el deber de cuidar la creación con pequeñas acciones cotidianas, y es maravilloso que la educación sea capaz de motivarlas hasta conformar un estilo de vida».

(Papa Francisco, Laudato SI, nº 211')

A Proposta Educativa do CPR Plurilingüe Calasancias sinala como obxectivo derradeiro da educación o desenvolvemento harmónico da persoa do alumno en tódalas súas dimensións.

Preténdese:

- Procurar un ambiente cálido e seguro.
- Axudar ó alumnado a adquirir a madurez necesaria que lle permita afrontar a súa evolución, cubrindo as necesidades físicas, afectivas, intelectuais, sociais e morais.
- Potenciar o desenvolvemento harmónico da súa dimensión ética e transcendente desde unha concepción cristián da vida.

De acordo con este obxectivo, desenvolvemos unha serie de actividades e propoñemos un elenco de valores e prioridades que, neste curso 2016-2017, tentaremos levar a cabo na nosa COMUNIDADE EDUCATIVA.





LEMA, OBXECTIVOS E VALORES

O CPR Plurilingüe Calasancias de A Coruña, xunto cos restantes centros educativos calasancios de España, establece para curso 2016-2017 o seguinte lema: «Benvida/o a casa». Para traballar este lema, teremos en conta os seguintes textos: Xénesis 2, 7; Éxodo 3, 5; o Cántico das creaturas, de S. Francisco de Asís; e a encíclica *Laudato Sí*, do papa Francisco.

Os obxectivos para facer vida o lema, que xa inclúen os valores, son os seguintes:

- 1) Tomar conciencia de que somos parte da Creación.
- 2) Recoñecer que a Creación é un regalo de Deus para nós.
- 3) Ser conscientes do coidado e o respecto que merece toda persoa.
- 4) Recoñecer o papel da persoa no coidado e ordenación da Creación.

Para levar a cabo estes obxectivos e contribuír a fomentar o compromiso, trataremos de fomentar o compromiso no grupo de iguais, potenciando os valores de amor, amizade, acollida e dereito das persoas, a través dunha educación integral do alumando e atendendo a todas as súas dimensións (cognitiva, física, afectiva, social e moral), fomentando a autoestima positiva e a autonomía persoal. Nas programacións de cada materia, o profesor especifica a acción que levará a cabo para posibilitar a concienciación e cumprimento do lema.

ORGANIZACIÓN DO CENTRO

COMUNIDADE RELIXIOSA

A vida do colexio Calasancias non se concibe sen o apoio e a presenza da comunidade relixiosa. Está formada por once relixiosas que, desde a súa propia vida sinxela e cercana, tratan de transmitir o carisma do Beato Faustino Míguez, por medio da actividade docente, pastoral, administrativa, de apoio en comedor, portería e gardería, e en todas aquelas actividades nas que sexan necesarias.

Forman a comunidade relixiosa:

1. M. Elvira Padrón Calviño (superiora)
2. M. Dolores Casanova Pérez
3. M. Consuelo Ventín Míguez
4. M. Josefa Carnero Carnero
5. M. Elisa Casanova Pérez
6. M. Purificación López Caldeiro
7. M Carmen Valcárcel Sangil
8. M. Ramona Meire Suárez
9. M. M^a Luisa García Rodríguez
10. M. Concepción López Ayán
11. M. Conchi Ruiz Carrillo





EQUIPO DIRECTIVO

É o máximo órgano de dirección e xestión do Centro. Está formado polas seguintes persoas:

- | | |
|---|---|
| ▪ M. Elvira Padrón Calviño | Directora Titular e Pedagóxica de ESO e BAC |
| ▪ D. Fernando Toja Díaz | Director Pedagóxico de Infantil e Primaria |
| ▪ D. José Luís Parada Pol | Xefe de estudos e coordinador de Calidade |
| ▪ M. Conchi Ruiz Carrillo | Coordinadora de Pastoral |
| ▪ D ^a Lourdes Guillán Barbeito | Secretaria |
| ▪ D. Santiago Modroño Nodar | Administrador |

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN PSICOPEDAGÓXICA



O Departamento de Orientación está encamiñado a proporcionar ó alumnado información e orientación sobre alternativas educativas e profesionais; aplicar programas de intervención orientadora; coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico a actividades de orientación, tutoría, programas de reforzo educativo, etc. Forman o Departamento:

- | | |
|---|---|
| ▪ D ^a . Gabriela Sampedro Gago | Psicóloga, e coordinadora do Equipo |
| ▪ D ^a . Verónica Rego González | Especialista en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica |

O horario do Dpto. de Orientación para atender ás familias é os mércores, de 15.30 a 17.30, previa petición de cita.

CONSELLO ESCOLAR

O Consello Escolar do Centro é o máximo órgano de participación de toda a Comunidade Educativa. A súa competencia esténdese á totalidade das ensinanzas reguladas do nivel concertado. Está composto polas seguintes persoas:

- | | |
|--|--|
| ▪ Presidenta: M. Elvira Padrón Calviño | ▪ Representantes dos Pais: |
| ▪ Representantes da Titularidade: | D. Ángel Gómez Reguero |
| M. Concepción López Ayán | D ^a M ^a Ángeles Naya Lorenzo |
| M. Elisa Casanova Pérez | D. Pablo Outeiral Ces |
| M. Conchi Ruiz Carrillo | D ^a Cristina Veiga Sánchez |
| ▪ Representantes dos Profesores: | ▪ Representantes dos Alumnos: |
| D. Fernando Toja Díaz | D ^a Uxía Franqueira Bernárdez |
| D. Joaquín Respino Souto | D. Pablo Sánchez Presedo |
| D ^a Yolanda Alonso Pedre | ▪ Representante do PAS: |
| D. David Barrán Ferreiro | D ^a Lourdes Guillán Barbeito |



ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS

As nais e pais son os responsables directos da educación dos seus fillos. En consecuencia, sen a súa participación é imposible falar de “comunidade educativa”.



Esta participación pódese realizar en dous niveis: individual e colectivo. O primeiro implica a relación persoal de cada pai e nai cos responsables no centro de formación dos seus fillos.

O segundo, en cambio, é un nivel institucional de participación, sendo a súa canle as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPA).

CLAUSTRO DE PROFESORES

Está formado pola totalidade dos docentes do Centro. É o órgano que se encarga da programación da actividade docente e a súa realización. Reúnese unha vez á semana. No curso 2016-2017 esta é a composición do Claustro e o seu horario de atención ás familias:

EDUCACIÓN INFANTIL		Atención a familias
01.- D. Fernando Toja Díaz	1º A	Xoves, 17.30 h.
02.- Dª. Ariana Figueroa Seijas	1º B	Martes, 17.30 h.
03.- Dª. María A. Oróns López	2º A	Martes, 17.30 h.
04.- Dª. Mª do Mar Pedrido Otero	2º B	Martes, 17.30 h.
05.- Dª. Silvia Mantiñán Pernas	3º A	Martes, 17.30 h.
06.- Dª. Cristina López Mosqueira	3º B	Xoves, 17.30 h.
EDUCACIÓN PRIMARIA		Atención a familias
07.- Dª. María Méndez Valle	1º A	Martes, 17.30 h.
08.- Dª. Rebeca Rodríguez González	1º B	Mércores, 17.30 h.
09.- Dª. Mercedes Pereiro Portos	2º A	Venres, 17.30 h.
10.- Dª. Ángela Valcárcel Vilariño	2º B	Martes, 17.30 h.
11.- Dª. Lorena Suárez Suárez	3º A	Martes, 17.30 h.
12.- Dª. Marta Mª Pouso Casal	3º B	Xoves, 17.30 h.
13.- Dª. Mª Belén Bugallo García	4º A	Martes, 17.30 h.
14.- Dª. Ana Belén Seráns Parada	4º B	Mércores, 17.30 h.
15.- Dª. María Luera Bermúdez	5º A	Martes, 17.30 h.
16.- Dª. Catuxa Villamarín Díaz	5º B	Martes, 17.30 h.
17.- D. Sergio Cacheiro Villamisar	6º A	Martes, 15.30 h.
18.- Dª. Yolanda Alonso Pedre	6º B	Xoves, 17.30 h.
19.- D. Luís Miguel Fdez. Sánchez	Educación Física Infantil e Primaria	
20.- D. Alfredo M. García Sánchez	Música e Galego Primaria	
21.- Dª. Mª José Taboada Vázquez	Inglés Infantil e 1º ciclo Primaria	
22.- Dª. Verónica Rego González	Audición e Ling. - Pedagogía Terap.	



EDUCACIÓN SECUNDARIA		Atención a familias
23.- D ^a . Kattia Carril del Valle	1º A	Luns, 16.30 h.
24.- M. Concepción López Ayán	1º B	Martes, 17.30 h.
25.- Beatriz Pouso Casal	2º A	Martes, 15.30 h.
26.- D ^a . Iria Flavia López Presedo	2º B	Martes, 12.20 h.
27.- D ^a . Jennifer Otero Savedra	3º A	Luns, 11.30 h.
28.- M. Concepción Ruiz Carrillo	3º B	Luns, 9.20 h.
29.- D ^a . Ana Quiza Pérez	4º A	Luns, 10.10 h.
30.- D. Joaquín Respino Souto	4º B	Martes, 15.30 h.
BACHARELATO		Atención a familias
31.- D ^a . Sabela Pita Babío	1º	Mércores, 12.20 h.
32.- M. Elvira Padrón Calviño	2º A	Mércores, 16.00 h.
33.- D ^a . Sandra Chouzas Marta	2º B	Martes, 16.30 h.
OUTROS PROFESORES		
34.- D. José Luis Parada Pol	Ciencias Terra, Bioloxía-Xeoloxía.	
35.- D. José Juncosa Rivera	E. Plástica, D. Técnico, Arte	
36.- D. Carlos A. Pérez Vale	Tecnoloxía ESO, TIC e Robótica	
37.- D ^a . Lydie Andrée Borra	Lingua francesa	
38.- D. José Luis Sanz Gómez	Matemáticas, Física-Química	
39.- D ^a Ana Belén Barreiro Amor	Cultura Clásica, Latín e Grego	
40.- D. Jesús H. López Casal	Filosofía, Psicoloxía	
41.- D. David Barrán Ferreiro	Xeografía e Historia	
42.- D. José López Díaz	Matemáticas, Física-Química	
43.- José Carlos Areán Buján	Física-Quím., Biol.-Xeol. ESO, CMC BAC	
44.- D ^a . Gabriela Sampedro Gago	Orientación	

Para entrevistarse cos titores e profesores é imprescindible solicitar cita previa a través da plataforma Educamos, Caderno de Comunicacions ou chamando ó teléfono 981 256 429.

HORARIO DE CLASES, SECRETARÍA E ADMÓN.

O horario de clases será de acordo ás distintas etapas distribuído da seguinte maneira:

Etapas	Horario meses de setembro e xuño	Horario meses de outubro a maio	
		Mañá	Tarde
Infantil e Primaria	9.00 a 14.00 (xornada continua)	9.45 a 13.15	15.30 a 17.30
Secundaria	8.30 a 14.00 (xornada continua)	8.30 a 14.00	15.30 a 17.30 (luns)
Bacharelato	8.30 a 15.00/ 14.00 (xornada continua durante todo o curso)	Ata as 15.00 h. (luns en martes) Ata as 14.00 h., (resto de días)	
Gardería infantil e primaria		8.00 a 9.20 h. mañá.	

**Observacións importantes:**

- As alumnas e alumnos de 5º e 6º de Primaria que necesitan reforzo en Lingua castelá, Matemáticas e Inglés, téñeno polas mañás de 8.30 a 9.30 h.
- As alumnas e alumnos de Secundaria que necesitan reforzo en Lingua castelá e/ou Matemáticas, téñeno os martes pola tarde.
Para asistir a reforzo en EP e ESO precisase autorización dos pais.
- A porta de entrada para os alumnos ábrese en dous turnos: de 8.00 a 8.30 h., e de 9.20 a 9.50 h.
- Con respecto ós distintos GRUPOS DE PASTORAL (1ª Comunión, Confirmación, Movemento calasancio e Voluntariado Social Calasancio), os horarios son os seguintes:

GRUPOS	HORAS
1ª Comunión	Xoves, 8.30-9.30 e venres, 17.30-18.30 (3º e 4º EP)
Confirmación	Venres, 15.30 a 16.30 (3º e 4º ESO)
Movemento Calasancio	Venres: 15.30 a 16.30 (1º e 2º ESO) 17.30 a 18.30 (5º e 6º de Primaria)
Voluntariado SC	Horario a determinar polo grupo

Secretaría e Administración

- De outubro a maio: 8.30 - 12.45; 15.30 - 17.45 h. (outubro a maio)
As tardes de luns e venres non hai atención ó público.
- Meses de setembro e xuño:
8.30 - 13.30 h.

VACACIÓNS, FESTIVOS E DÍAS NON LECTIVOS

Os períodos de vacacións que figuran no Calendario Escolar (Orde do 7 de xuño de 2016), son os seguintes:

- NADAL: Do 22 de decembro de 2016 ó 6 de xaneiro de 2017, ambos os dous inclusive.
- ENTROIDO: 27 e 28 de febreiro e 1 de marzo de 2017.
- SEMANA SANTA: Do 10 ó 17 de abril de 2017, ambos os dous inclusive.

Son días festivos e non lectivos os seguintes:

- 7 de outubro de 2016 (venres), Nosa Señora do Rosario.
- 12 de outubro de 2016 (mércores), Día da Hispanidade e Nosa Señora do Pilar.
- 31 de outubro de 2016, DÍA DO ENSINO (luns), día establecido pola Consellería de Educación.
- 1 de novembro de 2016, Todos os Santos (martes).
- 5 de decembro de 2016 (luns), Día Non Lectivo solicitado á Delegación Territorial de Educación.



- 6 de decembro de 2016 (martes), Día da Constitución Española.
- 8 de decembro de 2016 (xoves), Inmaculada Concepción.
- 8 de marzo de 2017 (mércores), festivo local co gallo do Día da Muller Traballadora.
- 28 de abril de 2017 (venres), Día Non Lectivo solicitado á Delegación Territorial de Educación.
- 1 de maio de 2017 (luns), Día do Traballador/a.
- 17 de maio de 2017 (mércores), Día das Letras Galegas.



CONMEMORACIÓNS

Durante o curso escolar celebraranse unha serie de conmemoracións, unhas establecidas polo Calendario Escolar (Orde do 7 de xuño de 2016), outras que son de tradición propia calasancia e da Igrexa. Cada etapa establece uns obxectivos e accións concretas para lembrar ditas conmemoracións; algunhas delas celébranse conxuntamente. Estas datas son lectivas para tódolos efectos:

Meses	Días	Conmemoracións
Outubro	17 a 23	Semana do Domund. Lema: «Sal de tu tierra»
Novembro	11	S. Martiño, festa da castaña
	21	Dereitos do Neno
	25	Día Internacional contra a Violencia de Xénero
	21 a 25	SEMANA DO MESTRE, S. XOSÉ DE CALASANZ
Decembro	1 a 11	Constitución Española e Estatuto de autonomía de Galicia
	10	Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos
	1 a 19	OPERACIÓN QUILO
	20 e 21	Actividades de Nadal (Belén, ofrendas, Reis Magos, panxoliñas, Mercadillo Solidario, etc.)
Xaneiro	13	Beata Victoria Valverde
	30	Día Escolar da Non Violencia e da Paz. BOCATA SOLIDARIO
Febreiro	21	Día Internacional da Lingua Materna
	24	Entroido
Marzo	2 a 7	SEMANA DO BEATO FAUSTINO MÍGUEZ
	6 a 10	Semana da Prensa
	8	Día Internacional da Muller
	15	Día Mundial dos Dereitos do Consumidor
Abril	7	Día Mundial da Saúde
	17 a 21	Semana do Libro
Maio	1 a 31	MES DA DIVINA PASTORA
	9	Día de Europa
	15	Día Internacional das Familias
	9 a 17	Semana das Letras Galegas, Carlos Casares
Xuño	5	Día Mundial do Ambiente





AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación como un proceso orientado á formación integral do alumno, que se centra, fundamentalmente, nas súas capacidades, destrezas e valores-actitudes. Concibimos tres tipos de avaliación: inicial (permite determinar o punto de partida dos alumnos respecto ao seu estilo de aprendizaxe. Farase no mes de setembro); continua ou formativa (fundamental para ir axustando as ensinanzas); e sumativa ou final (permite comprobar se o alumno acadou os obxectivos fundamentais de cada unidade e trimestre).

Datas de información ás familias

As datas de entrega dos boletíns de notas trimestrais serán as seguintes:

- 1ª AVALIACIÓN: 1 de decembro de 2016 (2º BAC).
20 de decembro de 2016.
- 2ª AVALIACIÓN: 23 de febreiro de 2017 (2º BAC).
23 de marzo de 2017.
- 3ª AVALIACIÓN: Maio de 2017 (2º BAC).
16 de xuño de 2017.
Non hai recuperación da 3ª avaliación.
- BOLETÍN FINAL: Maio de 2017 (2º BAC).
23 de xuño de 2017 (EI-EP).
27 de xuño de 2017 (ESO e 1º BAC).



As datas aquí sinaladas son as que, en principio, se prevén. Non obstante, poden sufrir cambios por causas alleas á organización do centro.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Para o curso 2016-2017 están previstas as seguintes actividades e visitas culturais:

EDUCACIÓN INFANTIL

- Convivencia de inicio de curso
- Celas de Peiro
- Museo Arte Contemporáneo (MAC)
- Excursión á Fervenza do Toxa



EDUCACIÓN PRIMARIA

- Convivencia de inicio de curso
- Biblioteca González Garcés (1º, 2º e 3º)
- Museo Arte Contemp. (1º, 2º, 4º, 5º e 6º)
- AFundación (5º e 6º)
- Casa dos Peixes (3º)
- Teatro (1º, 2º, 4º, 5º e 6º)
- Castelo de S. Antón (5º e 6º)
- Excursións fin de curso a:
 - ☒ Aldea Nova (1º e 2º)
 - ☒ Sen determinar (3º e 4º)
 - ☒ Aquapark, Cerceda (5º e 6º)



EDUCACIÓN SECUNDARIA

1º ESO

- Convivencia de inicio de curso
- Casa das Ciencias/Planetario
- Castro de Elviña
- Apadán, protectora de animais
- Obradoiros diversos
- Fragas do Eume
- Inmersión lingüística
- Excursión sen determinar

2º ESO

- Convivencia inicio de curso
- Obradoiros diversos
- Excursión sen determinar

3º ESO

- Convivencia de inicio de curso
- Charla sobre transplantes
- Obradoiros diversos
- Radio en valor
- Casa do Home
- Inmersión lingüística
- Festival da canción
- Concurso de cultura clásica
- Excursión sen determinar.

4º ESO

- Convivencia de inicio de curso
- Congreso «Lo que de verdad importa»
- Festival da canción
- Charla Asociación AESLEME
- Obradoiro diversos
- Concurso de cultura clásica
- Universidade
- Excursión sen determinar.

BACHARELATO

- Convivencia de inicio de curso
- Casa do Home
- Inditex
- "R"
- Obradoiro de prensa e TV
- Fundación ONCE
- La Voz de Galicia
- Casa-Museo Emilia Pardo B. (2º)
- INIBIC
- Viaxe de estudos (sen determinar)

Estas son as actividades programadas. A realización das mesmas depende de que sexan concedidas polas entidades correspondentes. Ademais, ó longo do curso pódense realizar outras actividades non previstas na programación inicial.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As actividades que se ofertan no CPR Plurilingüe Calasancias pretenden completar a educación do alumno, potenciando sempre a construción harmónica da súa persoa.

	ACTIVIDADE	ETAPA	HORAS
Asociación Deportiva LUDI	Judo	Infantil e Primaria	2 h semanais
	Xadrez	Primaria	Ídem
	Teatro	Desde Primaria	Ídem
	Manualid., debuxo e pintura	Tódolos ciclos	Ídem
	Ballet clásico	Infantil e Primaria	Ídem
	Baile moderno	Infantil e Primaria	Ídem
	Patinaxe artístico	Infantil e Primaria	Ídem
	Xogos psicomotrices	Infantil	1 h semanal
	Iniciación ó tenis	Primaria	2 h semanais
	Informática	Primaria	Ídem

Coordinador: D. Jaime Roque (☎ 607 490 990)



Asociación	ACTIVIDADE	ETAPA	HORAS
Deportiva CALASANCIAS	Iniciación ao fútbol	Desde 4 anos	2 h semanais
	Fútbol	Desde 3º Primaria	Ídem
	Baloncesto	Desde Primaria	Ídem
Coordinador de fútbol e de baloncesto: D. Camilo Davila (☎ 619 319 519 629 329 958)			
Club Deportivo P. FAUSTINO	Voleibol	Desde Primaria	2 h semanais
Coordinador: D. Luis Miguel Fernández (☎ 696 027 097)			
English World	Inglés	Todas as etapas	2 h. semanais
Coordinadora: Dª Cristina del Río (☎ 657 519 138)			
Arkitas	Robótica	Todas as etapas	Ídem
Coordinadora: Dª Begoña Juárez (☎ 606 582 398)			
Rialta	Natación	Infantil e Primaria	1 h semanal
Coordinadora: Dª Déborah Rodríguez (☎ 981 179 500)			
Aloha Mental	Ábaco	Primaria	2 h semanais
Coordinadora: Teresa Chouciño (☎ 881 243 515)			
100Tolos	Esgrima	Desde 6º EI a 6º EP	1 ou 2 h sem.
Coordinadora: Dª Ruth Ballesteros (☎ 649196044)			
Presto Vivace	Escola de Música	ESO-BAC	2 h semanais
	Baile moderno	Primaria	Ídem
	Violín	Infantil	1 h semanal
Coordinadora: Dª Cristina Goás (☎ 981 131 545)			
Adarve	Tiro con arco	Primaria e ESO	Ídem
Coordinador: D. J. Luis Ascariz (☎ 981 670 319)			
PASTORAL Movemento Calasancio	Grupos cristiáns	Desde 3º Primaria	1 h. semanal
	Marchas	Idem	3 anuais
	Campamento de verán	Idem	Xullo
	Guitarra e Coro	EP, ESO e BAC	1 h semanal
Coordinadora: M. Conchi Ruiz (☎ 981 256 429)			
ANPA	Talleres varios	Tódolos cursos	Venres/ Sábados
Coordinadora: Natalia Figueroa (☎ 698 191 966)			

ORGANIZACIÓN PASTORAL

A nosa escola, como centro da Igrexa, realiza a súa misión de transmisión da fe facendo vida o mandamento do amor e dando razón da nosa esperanza, segundo o carisma calasancio.

A organización pastoral pretende contribuír a facer do noso centro un verdadeiro lugar de evanxelización: no que se forme dende o diálogo "Piedade e Letras", se viva coma comunidade educativa os valores cristiáns e se celebre gozosamente a liturxia; de modo que sexamos axentes de transformación social ó xeito calasancio. Para todo isto, preparamos actividades nos catro ámbitos pastorais para toda a comunidade educativa:



1. FORMACIÓN “PIEADADE E LETRAS”

- Ensinanza Relixiosa escolar: A clase de relixión proporciona formación relixiosa académica ós alumnos.
- Apoio ás titorías: Intenta formar ós alumnos en valores cristiáns.
- Catequese de Primeira Comunión: Ten lugar os xoves, de 8.30 a 9.30, e os venres, de 17.30 a 18.30 h.
- Reunión de formación cristiá para as familias dos alumnos que se preparan para a 1ª comunión: Unha vez ó mes.

O MOVIMENTO CALASANCIO é a gran actividade de formación na fe dos centros calasancios. É un grupo que quere coñecer e seguir a Xesús para vivir o evanxeo dende a espiritualidade calasancia, comprometidos coa realidade do noso mundo.

- Abarca dende 5º de Primaria ate Bacharelato.

- Realiza actividades como:

- Reunión semanal de reflexión e formación na fe.
 - Marchas trimestrais na natureza.
 - Convivencias compartidas cos demais rapaces do colexios de calasancias de Galicia ou de España.
 - Campamento de verán.
- Catequese de Confirmación: Os alumnos de 3º e 4º de ESO que desexen recibir este sacramento poden prepararse durante dous anos, empezando en 3º.
 - Formación de adultos.



2. VIVENCIA COMUNITARIA

- Grupos de Misión Compartida: Preténdese potenciar a comunión, formación e animación da comunidade educativa, favorecendo a corresponsabilidade na misión.
- Convivencias e campamentos: Tratan de poñer en xogo os valores aprendidos, interactuando no medio natural.
- Acompañamento vocacional. Consideramos fundamental axudar ós nenos e mozos a descubrir e responder ó proxecto que Deus ten para eles.

3. CELEBRACIÓN LITÚRXICA

- Oración diaria e “oratorio calasancio”. Diariamente nas aulas e semanalmente na capela, procuramos manter nos rapaces o hábito de facer oración dun xeito sinxelo, integrador da vida, positivo e calasancio.
- Celebracións sacramentais. Hai uns cantos días ó ano nos que nos xuntamos para celebrar a nosa fe: na festa de S.Xosé de Calasanz, no día do Beato Faustino Miguez, na festividade da Divina Pastora. Tamén no Advento, Nadal, Coresma ou Pascua procuramos participar dos sacramentos da Reconciliación e da Eucaristía.





4. TESTEMUÑO CRISTIÁN

- Campañas solidarias. Como cristiáns que somos e así queremos vivir, temos en conta ós que pasan necesidade. Así, preparamos campañas como:
 - ♦ recollida de alimentos en Nadal (Operación Quilo) para as familias necesitadas da nosa cidade,
 - ♦ becas de estudio e de comedor para os nenos das nosas misións educativas en países do chamado "Terceiro Mundo" (Colombia, Ecuador, Nicaragua, Camerún, Guinea Ecuatorial, India),
 - ♦ "Día do Bocata Solidario", que facemos coincidir ca xornada a prol da paz e ca campaña contra a fame no mundo.
- Asociacionismo cristián. A escola calasancia, dende unha escala de valores evanxélicos, prepara ós alumnos para que sexan capaces de facer opcións libres e responsables que dean sentido á vida.
- Voluntariado Social Calasancio. Como facemos coa campaña do DOMUND, sempre temos en conta ós misioneiros que levan a fe por todo o mundo; por isto fomentamos o espírito misionero de toda a comunidade educativa. Vai dirixido ó alumnado de Bacharelato e antigos alumnos que desexen vivir desde actitudes de solidariedade, xenerosidade e apertura ós máis necesitados.



NORMAS XERAIS DE CONVIVENCIA

As presentes normas forman parte dun documento máis amplo e detallado. Teñen a finalidade de servir como instrumento útil para mellorar continuamente as relacións entre os distintos estamentos da Comunidade Educativa. Neste extracto recolleemos aquelas que son de carácter xeral e que afectan ós estamentos de alumnos e familias.

ALUMNOS

"O alumno é o suxeito da súa propia formación e o principal protagonista da nosa Escola, a súa razón de ser e o seu estímulo. Participa activamente na vida do centro, de acordo cas esixencias propias da súa idade. Comprométese persoalmente no ben común e no exercicio dos seus dereitos e obrigas"

(Proposta Educativa, nº 28).

1. Respetar a dignidade, integridade, liberdade e demais dereitos dos profesores, persoal de administración e servizos e alumnado.
2. Asistir ó centro correctamente uniformado, facendo uso do chándal os días que teñan Educación Física e aqueles outros que os titores indiquen.
3. Respetar a puntualidade nas entradas.



4. Entrar e saír das aulas de maneira ordenada. Rematadas as clases, o alumno non pode permanecer nos corredores e escaleiras. O tempo de recreo faise nos patios do colexio, polo que o alumno non pode quedar na aula.
5. Asistir a clase de forma regular. As familias informarán por adiantado a través do Caderno de Comunicacóns ou da plataforma Educamos das faltas de asistencia dos alumnos. Cando se observen faltas sen xustificar, o titor porase en contacto coa familia. Se o número de faltas é elevado, o alumno pode perder a escolaridade. Esta asistencia afecta tamén ás actividades extraescolares ás que se apunte o alumno.
6. Manter ordenadas e limpas as aulas, coidando o material e mobiliario que se atope nelas. Así mesmo, colaborar de maneira responsable e autónoma na limpeza das instalacións do centro (patios, corredores, polideportivo...), utilizando as papeleiras, contedores de reciclaxe, etc.
7. Non traer aparatos electrónicos ó colexio (móbil, cámara de fotos, ipod, etc). En caso contrario, o profesor retirará calquera deses aparatos que serán entregados na Dirección do centro e deberán ser recollidos polos pais ou titores legais. O Colexio non admitirá ningunha reclamación en caso de perda ou desaparición de calquera aparato ou material que non sexa necesario para o desenvolvemento da actividade docente.

FAMILIAS

“Os pais, primeiros educadores dos seus fillos, son corresponsables no mantemento do Carácter Propio e na realización do Proxecto Educativo en cuxos valores desexan que sexan educados os seus fillos”

(Proposta Educativa, nº 30).

1. Orientar os seus fillos no fiel cumprimento das normas de convivencia, poñendo especial atención á puntualidade, presentación persoal e a asistencia a clases.
2. Apoiar o traballo escolar dos seus fillos nas tarefas e responsabilidades para mellorar o rendemento académico e a formación integral dos mesmos. É imprescindible que asistan ás reunións de información e formativas que poida haber durante o curso.
3. Facilitar as entradas e saídas dos alumnos no centro. Para isto, deixarán á entrada ós fillos e recolleranos á saída, tratando de non agolparse nas portas e sendo tamén puntuais na súa recollida.
4. Evitar interromper, dentro do horario escolar do alumno, as clases ou outras actividades programadas.
5. Manter entrevistas periódicas cos titores dos seus fillos para facer un seguimento directo do seu rendemento académico e actitudinal, amosándolles así a eles o interese e a importancia que ten o seu traballo.





6. Comunicar por escrito (Caderno de comunicacións/Axenda escolar ou Plataforma Educamos) as entrevistas cos titores e profesores con suficiente antelación, para que o titor poida recoller información do resto de profesores implicados na educación do seu fillo. O colexio terá un horario establecido para a visita dos pais ou titores legais.
7. Facilitar a saída e seguridade dos alumnos, polo que se pide encarecidamente que non fagan uso do aparcamento reservado para os profesores.
8. Fomentar hábitos de alimentación saudable. As comidas que se serven no comedor non son "á carta"; existe un menú mensual que trata de respectar unha dieta sa e equilibrada. En caso de que algún alumno teña que seguir unha dieta por prescrición médica, deberán entregar en Secretaría un certificado médico e a dieta a seguir.
9. Visitar periodicamente á web do colexio e a plataforma educativa (á que poderán acceder desde a web):
www.colexiocalasancias.com.



CENTRO

"Promovemos a aportación de todos segundo as propias posibilidades e competencias. O feito de compartir uns mesmos criterios educativos garante a unidade e coherencia fundamentais da Comunidade Educativa e a participación corresponsable"

(Proposta Educativa, nº 50).

- En caso de accidente do alumno, avisarase á familia. Se fose de máxima urxencia, o colexio actuará tendo en conta as circunstancias.
- Solicitarase ás familias autorización por escrito para realizar as distintas actividades complementarias e excursións de fin de curso. De non entregar a autorización, o alumno non participará nas actividades programadas.
- A rotura ou deterioro das instalacións, mobiliario e material escolar por uso indebido ou negligencia deberá ser indemnizado economicamente polos responsables do alumno.
- Se o alumno precisa realizar unha chamada telefónica urxente, poderá facela desde o colexio.



Oración POR NUESTRA



Dios omnipotente,
que estás presente en todo el universo
y en la más pequeña de tus criaturas,
Tú, que rodeas con tu ternura
todo lo que existe,
derrama en nosotros la fuerza de tu amor
para que cuidemos la VIDA y la BELLEZA.

Inúndanos de paz,
para que vivamos como hermanos y hermanas
sin dañar a nadie.
Dios de los pobres, ayúdanos a rescatar
a los abandonados y olvidados de esta tierra
que tanto valen a tus ojos.

Sana nuestras vidas,
para que seamos protectores del mundo
y no depredadores,
para que sembremos hermosura
y no contaminación y destrucción.



Toca los corazones
de los que buscan sólo beneficios
a costa de los pobres y de la tierra.

Enséñanos a descubrir el valor de cada cosa,
a contemplar admirados,
a reconocer que estamos profundamente unidos
con todas las criaturas
en nuestro camino hacia tu luz infinita.

Gracias porque estás con nosotros todos los días.
Aliéntanos, por favor,
en nuestra lucha
por la justicia, el amor y la paz.

*«A escola calasancia educa para a responsabilidade persoal e colectiva,
o sentido do deber, a toma de conciencia sobre as inxustizas sociais
e o compromiso en favor dunha sociedade máis xusta e fraterna.»*

Proposta Educativa Instituto Calasancio 37



CPR Plurilingüe CALASANCIAS

Estrada dos Fortes, 11

15011 A Coruña

☎ 981 256 429

📠 981 255 259

✉ dirección@colexiocalasancias.com